



ACTA Nº 2021/13

*Sesión ordinaria do Pleno da Corporación
Sala de sesións da Casa do Concello, venres 26 de novembro de 2021*

No día de hoxe, ás 09:17 horas, baixo a presidencia da Alcaldesa-Presidenta, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PsdeG-PSOE:

D. Víctor Manuel Muíño Ramos (Telemáticamente)

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Ángel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

PP:

D.^a Raquel Rodríguez Amigo.

D. Francisco M. Calzas Suárez

AUSENCIAS:

Adiante Vimianzo:

D.^a Marta Rey Lema

D. Francisco Javier Trillo Pazos.

D. Manuel Lorenzo Hermida.

D. Eugenio Vidal Quintáns.

D.^a María Jesús Barbeira Pose.

Sen que se presente xustificación algunha á hora e data sinalada

SECRETARIO:

D. Francisco Javier Novoa Juíz

INTERVENTOR:

D. Francisco Fernández Armada



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2021.

B) Sección de control

2º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

3º. Mocións de urxencia.

4º. Rogos e preguntas.

Comeza o debate e votación da orde do día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2021.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2021.

B) Sección de control

2º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

Dáse conta polo Secretario da corporación das Resolucións da Alcaldía dictadas dende o día 27/10/2021 ata o día 23/11/2021 cos números 1046/2021 ata 1151/2021, respectivamente.

O Pleno do Concello dáse por enterado.

3º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.



4º. Rogos e preguntas.

Dna. Raquel Rodríguez pregunta que actividades se prevén realizar no Nadal.

A Alcaldesa- Presidenta contesta que tivo reunión cos hosteleros e hai unanimidade para unir forzas e tendo en conta as incidencias do Covid, estanse a buscar oportunidades dada a ubicación xeográfica privilexiada de Vimianzo.

Entre as actividades preténdese unha pista de xeo a que se está dando forma xurídica e orzamentaria sendo o día 3 o de encendido das luces ás 20:00 horas. Tamén haberá casetas, papa Noel, visitas ás parroquias, todo elo co obxectivo de buscar un gancho ó consumo, cabalgata de reis, apertura prevista da pista de xeo o día 17 ou 18 ata o día 9 de xaneiro.

Remata comentando que se fixo comprobación no rexistro xeral municipal para ver se hai escrito de A.V. en relación coa súa ausencia e non consta nada e traslada que se traerá acordo para o vindeiro pleno de decembro así como levar á Xunta de Portavoces unha proposta nova de periodicidade e xa se falara que nos dous últimos plenos do ano non se ía cambiar por mor da Covid.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 9:27 horas, a Alcaldesa-Presidenta, levanta a sesión, e eu como secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa-Presidenta

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)

O secretario xeral

Francisco Javier Novoa Juíz